

Repartir a riqueza:

- Garantir as prestacións sociais e salariais a todos os parados.
- Garantir do dereito dun salario mínimo e unha pensión suficientes para todos e nunca por debaixo dos 1.200 € mensuais.
- Distribuír os recursos e a riqueza solidariamente.
- Maior presión fiscal para os ricos, empresarios, directivos, executivos, políticos, xuíces, cargos públicos, banqueiros, para que contribúan con impostos progresivos, para que pague máis quen máis ten.

Novo modelo social e produtivo:

- O modelo económico e social capitalista está baseado no produtivismo, o crecemento, o desarrollismo, o consumismo e, polo tanto, na inxustiza, na irracionalidade e no atentado contra a vida do planeta.
- Por un novo modelo social solidario e sostible non baseado no crecemento para vivir mellor.
- Un novo modelo de produción autoxestionada, de distribución e de consumo creando empregos onde se atope o verdadeiro valor: na educación, no campo, no benestar social, nos coidados, nas tecnoloxías non agresivas nin contaminantes, en redes de transporte público sostibles.

FOLGA XERAL

o 29 de setembro de 2010

Contra o paro, a precariedade e a exclusión social

- Contra a Reforma Laboral
- Contra o recorte de dereitos sociais, laborais e medioambientais
- Contra o plan de axuste para reducir o déficit público
- Por un novo modelo social e produtivo non capitalista
- Pola liberdade, a igualdade, a autoxestión e a xustiza social



folga

29 de

polo

reparto

do traballo

e da riqueza

as súas crises:

que

as paguen

eles !!!



xeral

setembro

contra os recortes sociais

e a

reforma laboral

tod@s

á rúa



confederación xeral do traballo
www.ctggalicia.org

FOLGA XERAL o 29 de setembro: ¡Tod@s á RÚA!

A Confederación Xeral do traballo (CGT) convoca Folga Xeral o 29 de setembro de 2010 para defender as liberdades e dereitos laborais, sociais, económicos e medioambientais de todos os traballadores e traballadoras e de todas as clases populares fronte ás agresións e recortes que estamos sufrindo polas políticas antisociais do goberno, que só responden aos intereses da banca, da especulación financeira e inmobiliaria, dos mercados, do capital, da patronal, da Unión Europea, do Fondo Monetario Internacional e das institucións políticas internacionais.

Folga Xeral contra a nova Reforma Laboral, o plan de axuste para reducir o déficit, a próxima reforma do sistema de pensións... para que a crise económica a paguen os que a provocaron, é dicir, os ricos, os banqueiros e os políticos.

Folga Xeral contra o sistema capitalista, que unicamente pensa en obter beneficios pasando por riba da calidade de vida das persoas e da propia continuidade da vida no planeta. Os empresarios financeiros, do ladrillo, da enerxía, das telecomunicacións, da industria, dos alimentos... enriquecéronse extraordinariamente, obrigáronnos a endebedarnos, hipotecarnos, consumir sen límites, e hoxe nin temos casa, nin traballo, nin futuro.

A CGT fai un chamamento xeralizado a toda a clase traballadora, do sector público e do sector privado, ás persoas desempregadas, aos xoves, aos pensionistas, homes e mulleres, autóctonas ou migrantes, ás persoas excluídas, precarias,

desafiuzadas, ás clases populares, aos movementos sociais, ás organizacións veciñais, estudantís, culturais... a toda a sociedade no seu conxunto para participar na Folga Xeral do 29 de setembro. Para a CGT ese día é só o inicio dun proceso de mobilización laboral e social continuada ata sentar as bases dun novo modelo sociedade, un novo modelo produtivo baseado na satisfacción das necesidades das persoas, na solidariedade, na igualdade, na liberdade, na xustiza social, **un novo modelo que contemple a harmonía da nosa vida co planeta**, que non busque a explotación das persoas e dos recursos naturais, un modelo plantexado cunha dimensión global, internacionalista, que abrangue a toda a humanidade, a todos os traballadores e traballadoras.

RAZÓNS PARA IR Á FOLGA XERAL o 29 de setembro

Contra o paro:

- **5 millóns de traballadores estamos no paro** e os xoves soportamos taxas de paro do 40%. Desde 2008, máis de 2,5 millóns de persoas perdemos o emprego.
- 1,2 millóns de persoas desempregadas non percibimos ningunha prestación e cerca de 600.000 malvivimos con 426 € ao mes.
- Máis de 4 millón de traballadores temos contratos temporais.

- 11 millóns de asalariados dos 18,7 millóns de ocupados temos rendas anuais inferiores a 9.000 €.
- Coas medidas do plan de axuste do goberno, 2,6 millóns de traballadores públicos en todas as administracións sofren unha redución dos seus salarios nunha media do 5 % e non se cobren as vacantes necesarias para ter uns servizos públicos de calidade.
- As rendas salariais caeron a tripla que as empresariais no 2009.
- Os 7 grandes bancos e caixas obtiveron 17.000 millóns de euros de beneficios netos no 2009 e as retribucións dos conselleiros e directivos das grandes empresas medraron o 19,1%.

Contra a Reforma Laboral:

- A nova Reforma Laboral aprobada polo goberno supón que os empresarios nos poidan despedir libre e impunemente sen causa ou causa falsa, e a “xustiza” e as “leis” aválanos.
- Co “Decreto” da Reforma Laboral de xuño, o despido será máis libre e máis barato. Todos os traballadores e traballadoras, con independencia do contrato que teñamos, podemos ser despedidos aínda máis facilmente e as indemnizacións poderán quedar en 20 días, dos que 8 días serán pagados con cartos públicos.
- O “Decreto” da Reforma Laboral nega aos traballadores e traballadoras o dereito fundamental da tutela xudicial, é dicir, a unha mínima xustiza social e vulnera o dereito fundamental á negociación colectiva ao permitir que o empresario, á súa vontade, poida deixar de cumprir os acordos salariais, os acordos sobre xornada, quendas e mobilidade funcional e xeográfica.

Polo dereito a unha pensión digna:

- Coas medidas do plan de axuste para reducir o déficit, se lle conxela a pensión para 2011 a máis de 6 millón de pensionistas.
- O 68% dos 8,2 millóns de pensionistas temos unha pensión anual que non chega ao Salario Mínimo Interprofesional.
- Non está garantido o dereito á prestación por xubilación e queren que nos endebedemos con fondos privados de pensións. Pretenden que nos xubilemos aos 67 anos e reducir aínda máis a cantidade a percibir aumentando o período de cómputo, mentres seguen aumentando os beneficios dos empresarios e as pensións multimillonarias de directivos, executivos e conselleiros.

PROPOSTAS da CGT

O que queremos conseguir coa Folga Xeral é **derrogar o decreto da Reforma Laboral, o plan de axuste e a reforma do sistema de pensións.**

Repartir o traballo:

- Recuperar o emprego, traballar todos, reducir a xornada laboral, reducir a idade de xubilación.
- Impedir os Expedientes de Regulación de Emprego, os despedimentos improcedentes, as contratas e subcontratas, as Empresas de Traballo Temporal, as horas extraordinarias, os destaxos, o dumping.
- Defender os dereitos sociais e os servizos públicos gratuítos, rexeitar as privatizacións.
- Eliminar os contratos temporais e precarios. Consolidar os empregos fixo.